



BASES LEGAIS DO SORTEO DE 4 INSCRICIÓNS GRATUÍTAS PARA A XI ANDAINA TERRAS DE ALTAMIRA 2026

1. ENTIDADE ORGANIZADORA

A Asociación Cultural e Deportiva e Medioambiental O Esquíno Piñeiro, sen ánimo de lucro e inscrita correctamente no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia e no rexistro de Asociacións do Concello de Brión, organiza un sorteo de 4 inscricións gratuítas para participar na XI Andaina Terras de Altamira, que se celebrará o día 23 de maio de 2026.

2. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderá participar calquera persoa que cumpra as seguintes condicións:

2.1. Residir en Galicia.

2.2. Ser maior de 18 anos.

2.3. Cumprir con todos os pasos de participación indicados na publicación oficial do sorteo en Facebook ou Instagram:

2.3.1. Seguir a **páxina oficial da Andaina Terras de Altamira** en Facebook (@andainaAltamira) ou Instagram (@andaina_terras_de_altamira).

2.3.2. Facer un **comentario na publicación do sorteo**, en calquera das dúas redes sociais, **nomeando a dúas persoas** coas que lle gustaría participar na Andaina deste ano.

3. PARTICIPACIÓNS MÚLTIPLES

Cada comentario que cumpra os requisitos será considerado unha participación válida.

Polo tanto, unha mesma persoa poderá acumular máis opcións de gañar cantos máis comentarios realice, sempre que en cada un mencione a dúas persoas distintas ou iguais.

Non obstante, unha mesma persoa non poderá gañar máis dun premio. Se resulta seleccionada dúas veces, asignaráselle un único premio e o outro pasará a un suplente.

4. DURACIÓN DO SORTEO

O prazo para participar será do 16 ao 31 de marzo de 2026, ambos inclusive. Non se admitirán participacións recibidas fóra destas datas.

5. ADXUDICACIÓN DOS PREMIOS

Sortearanse 4 inscricións gratuítas para a XI Andaina Terras de Altamira 2026.

Das catro inscricións, 2 sortearanse entre as persoas participantes en Instagram e 2 entre as persoas participantes en Facebook.

O sorteo realizarase mediante a **plataforma AppSorteos** ou outra ferramenta tecnolóxica similar que garanta a aleatoriedade do proceso.

As persoas gañadoras daranse a coñecer o día 1 de abril de 2026 a través dun comentario na propia publicación do sorteo.



6. CARÁCTER GRATUÍTO DA PROMOCIÓN

A promoción é gratuíta e non implica en si mesma ningún pagamento adicional pola obtención dos premios.

7. COMUNICACIÓN E ACEPTACIÓN DO PREMIO

As persoas gañadoras deberán poñerse en contacto coa organización mediante mensaxe privada en Facebook ou Instagram no prazo máximo de 3 días naturais desde a publicación do resultado.

Se transcorrido este prazo non se recibe resposta o premio declarárase deserto.

O premio é persoal e intransferible, non pode ser cambiado por cartos nin por outro servizo.

8. EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

Facebook e Instagram non patrocinan, avalan nin administran este sorteo, nin están asociados a el de ningún xeito.

As persoas participantes exoneran a estas plataformas de calquera responsabilidade derivada do desenvolvemento do sorteo.

A organización non se fai responsable de problemas técnicos, conexións defectuosas ou incidencias alleas que poidan afectar á participación.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos facilitados polas persoas participantes serán tratados unicamente coa finalidade de xestionar a súa participación no sorteo e, de ser o caso, a entrega do premio, conforme á normativa vixente de protección de datos.

10. MODIFICACIÓN OU CANCELACIÓN

A organización resérvase o dereito de modificar estas bases ou cancelar o sorteo en caso de causa xustificada, comunicándoo sempre polas mesmas canles nas que se difundiu o sorteo.

11. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste sorteo implica a aceptación íntegra das presentes bases.

12. LEXISLACIÓN APLICABLE E FORO

Estas bases réxense pola lexislación española. Para a resolución de calquera controversia que poida xurdir, as partes sométense expresamente aos Xulgados e Tribunais da Coruña, con renuncia a calquera outro foro que puidese corresponderlles.

A.C.D.M. O ESQUÍO NO PIÑEIRO

Avda. de Santa Minia, 95

15865 – Brion

oesquio@gmail.com

https://www.instagram.com/andaina_terras_de_altamira/

<https://www.facebook.com/andainaAltamira>